




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Os Convenios asinados polas tres Universidades do Sistema Universitario Galego para desenvolver-lo proceso de incorporación dos estudantes ós estudos universitarios, establecen que as Universidades determinarán a inadmisibilidade a trámite das instancias que non reúnan os requisitos legal ou regulamentariamente establecidos. O pronunciamento de inadmisibilidade require ter realizado previamente os actos de instrucción do expediente legalmente establecidos na Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Por mor do volume de expedientes a tramitar, a celeridade que require o proceso e a posibilidade de presentar reclamación ante a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) pola declaración de inadmisibilidade, é conveniente que sexan os responsables das unidades administrativas as que comuniquen tal resolución.

Para os efectos de da-la celeridade necesaria, estímase conveniente delega-la sinatura rectoral nos termos establecidos no artigo 16 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común para que se realicen os actos de instrucción necesarios.

E é polo exposto que este Rectorado RESOLVEU:

PRIMEIRO.- DELEGACIÓN DE SINATURA.

Delégase no Xefe da Sección de Xestión e Admisión de Alumnos e no Xefe do Negociado de Alumnos-Información do Campus de Lugo, a sinatura dos actos de instrucción que se recollen no capítulo III da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común necesarios para a correcta instrucción dos expedientes que se incoen como consecuencia dos procedementos de acceso-ingreso dos estudantes, incluídos os actos de inadmisión a trámite.

SEGUNDO.- RECLAMACIÓNS.

Nos supostos de inadmisibilidade a trámite deberanse pór en coñecemento dos interesados os prazos para interpoñer reclamación e o órgano ante o que se debe interpoñer.

TERCEIRO.- ANTEFIRMA.

Os actos que se asinen ó amparo da presente delegación deberán facer constar que se firma por delegación rectoral e a data da presente Resolución.



Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2001

O RECTOR

Darío Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E
TITULACIÓNS - SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO - SR/A PRESIDENTE DA CIUG -
SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO